



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN

MAIO 2020

3º ESO. VALORES ÉTICOS

IES EDUARDO PONDAL

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO

CURSO 2019-2020

ÍNDICE

I. VALORES ÉTICOS 3º ESO

- 1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (p.3)
- 2. Avaliación e cualificación (p.4)
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación) (p.5)
- 4. Información e publicidade (p.6)

I. VALORES ÉTICOS (3º ESO)

1.CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

1.CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES		
B4.1. Xustificar racionalmente a necesidade dos valores e principios éticos contidos na DUDH, como fundamento universal das democracias durante os séculos XX e XXI, destacando as súas características e a súa relación cos conceptos de "Estado de dereito" e "división de poderes".	VEB4.1.1. Fundamenta racionalmente e eticamente a elección da democracia como un sistema que está por riba doutras formas de goberno, polo feito de incorporar nos seus principios os valores éticos sinalados na DUDH.	CSC
	VEB4.1.2. Define o concepto de "Estado de dereito" e establece a súa relación coa defensa dos valores éticos e cívicos na sociedade democrática.	CCL CCL CSC
B4.2. Recoñecer a necesidade da participación activa dos cidadáns e das cidadás na vida política do Estado coa finalidade de evitar os riscos dunha democracia que viole os dereitos humanos.	VEB4.2.1. Asume e explica o deber moral e civil que teñen os cidadáns e as cidadás de participar activamente no exercicio da democracia, coa finalidade de que se respecten os valores éticos e cívicos no seo do Estado.	CSC CSC CSIEE
B4.3. Coñecer e valorar os fundamentos da Constitución española de 1978, identificando os valores éticos dos que parte e os conceptos preliminares que establece.	VEB4.3.1. Identifica e aprecia os valores éticos máis salientables nos que se fundamenta a Constitución española, e sinala a orixe da súa lexitimidade e a súa finalidade, mediante a lectura comprensiva e comentada do seu preámbulo.	CCL CSC
	VEB4.3.2. Describe os conceptos preliminares delimitados na Constitución española e a súa dimensión ética (nación española, pluralidade ideolóxica ou papel e funcións atribuídas ás Forzas Armadas), a través da lectura comprensiva e comentada dos artigos 1 ao 9.	CCL
B4.6. Coñecer e valorar os elementos esenciais do Estatuto de autonomía de Galicia segundo aparece no seu título preliminar e no título primeiro, capítulos I e II.	VEB4.6.1. Sinala e comenta, a través do traballo colaborativo, os elementos esenciais do Estatuto de autonomía de Galicia recollidos no seu título preliminar.	CAA CCL CSC
	VEB4.6.2. Identifica e valora as características sinaladas no título I sobre o "poder galego".	CCL
B4.7. Coñecer os elementos esenciais da UE, analizando os beneficios recibidos e as responsabilidades adquiridas polos estados membros e a súa cidadanía, coa	VEB4.7.1. Describe a integración económica e política da UE, o seu desenvolvemento histórico desde 1951, os seus obxectivos e os valores éticos nos que se fundamenta, de acordo coa DUDH.	CSC

<p>finalidade de recoñecer a súa utilidade e os logros alcanzados por esta.</p>	<p>VEB4.7.2. Identifica e aprecia a importancia dos logros alcanzados pola UE e o beneficio que estes supuxeron para a vida dos cidadáns e das cidadás (anulación de fronteiras e restricións alfandegueiras, libre circulación de persoas e capitais, etc.), así como as obrigas adquiridas en diferentes ámbitos (económico, político, da seguridade e a paz, etc.).</p>	<p>CSC</p>
<p>B5.3. Analizar o momento histórico e político que impulsou a elaboración da DUDH e a creación da ONU, coa finalidade de entendela como unha necesidade do seu tempo, cuxo valor continúa vixente como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos estados.</p>	<p>VEB5.3.1. Explica a función da DUDH como un código ético recoñecido polos países integrantes da ONU, coa finalidade de promover a xustiza, a igualdade e a paz en todo o mundo.</p>	<p>CSC</p>

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	
AVALIACIÓN	<p>PROCEDEMENTOS</p> <ul style="list-style-type: none"> - A avaliación será a media dos resultados acadados na 1ª e 2ª avaliación. - O alumnado pode mellorar a súa cualificación coas actividades realizadas neste último trimestre. <p>INSTRUMENTOS</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realización das actividades que se envían (envío que será ao correo corporativo personal: alumnado@ieseduardopondal.org).
CUALIFICACIÓN FINAL XUÑO	<p>A nota do terceiro trimestre (C) será a media de tódalas actividades realizadas dende o 12 de marzo ata a data da avaliación de xuño (estas actividades son as recollidas abaixo). A media deste 3º trimestre calcularase cuantificando a nota acadada en cada unha das actividades sobre 10 puntos (máximo) e dividida polo número de actividades marcadas e debidamente realizadas polo alumnado. Nas actividades deste terceiro trimestre valoraranse os indicadores relacionados coa mellora e progreso nas Competencias propias da materia, especialmente para o alumnado que non superou algunha das avaliacións (1ª e 2ª). Media do 3º trimestre = Nota total acadada nas Act. realizadas/Nº de actividades programadas.</p> <p>A cualificación final do curso calcularase do seguinte xeito:</p> <p>-Para o alumnado coa 1ª e a 2ª avaliación aprobadas de xeito presencial a cualificación será a media desas dúas avaliacións, ou a media da primeira, a segunda e o traballo feito no terceiro trimestre se esa maneira o alumnado mellora a súa cualificación. A nota final será a máis alta entre a media de A e B $((A + B)/2)$ e a media de A, B e C $((A + B + C)/3)$ sendo:</p> <p style="margin-left: 20px;">A = Nota da 1ª avaliación. B = Nota da 2ª avaliación. C = Nota do terceiro trimestre.</p> <p>-Para o alumnado con algunha das avaliacións non superadas programarase unha actividade no mes de maio para que trate de recuperar as competencias clave imprescindibles para a materia. Esta actividade de recuperación de avaliación computarase sobre 10 puntos.</p> <p>Para o alumnado coa primeira e/ou a segunda avaliación suspensas a nota final será a máis alta entre a media de A e B $((A + B)/2)$ e a media de A, B e C $((A + B + C)/3)$</p> <p>Sendo:</p> <p style="margin-left: 20px;">A = Nota da 1ª avaliación ou nota da recuperación realizada no terceiro trimestre se mellora a súa cualificación. B = Nota da 2ª avaliación ou nota da recuperación realizada no terceiro trimestre se mellora a súa cualificación. C = Nota do terceiro trimestre.</p>
PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO	<p>A proba extraordinaria de setembro tendrá o carácter de presencial ou telemático segundo as circunstancias que para esas datas consideren as autoridades sanitarias oportunas. Nela entrarán unicamente os contidos e estándares traballados na primeira e a segunda avaliación.</p>

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	
	<p>Esta proba-escrita estará composta de: 2 cuestións correspondentes á 1ª avaliación e 2 cuestións correspondentes á 2ª avaliación (2,5 puntos por 4 cuestións=10puntos).</p> <p>O alumnado poderá voluntariamente substituír unha das cuestións por algunha das programadas e traballadas no 3 trimestre que se incluírán na proba (coa mesma cuantificación 2,5 puntos).</p>
<p>ALUMNADO DE MATERIA PENDENTE (VALORES ÉTICOS 2º ESO)</p>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.</p> <p>B1.2. Identificar os conceptos de heteronomía e autonomía, mediante a concepción kantiana da persoa, coa finalidade de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida moral.</p> <p>B2.1. Distinguir, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social.</p> <p>B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización.</p> <p>B3.2. Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía do seu comportamento.</p> <p>B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa, e apreciar o papel da intelixencia e da vontade como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.</p> <p>B3.4. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos.</p> <p>B3.5. Establecer o concepto de normas éticas e apreciar a súa importancia, identificando as súas características e a natureza da súa orixe e validez, mediante o coñecemento do debate ético que existiu entre Sócrates e os sofistas.</p> <p>B3.6. Explicar as características e os obxectivos das teorías éticas, así como a súa clasificación en éticas de fins e procedementais, sinalando os principios máis destacados do hedonismo de Epicuro.</p> <p>B3.7. Entender os principais aspectos do eudemonismo aristotélico, identificándoo como unha ética de fins e valorando a súa importancia e a vixencia actuais.</p> <p>B3.8. Comprender os elementos máis significativos da ética utilitarista e a súa relación co hedonismo de Epicuro, clasificándoa como unha ética de fins e elaborando argumentos que apoién a súa valoración persoal arredor desta formulación ética.</p> <p>B4.1. Comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo entre eles no pensamento de Aristóteles.</p> <p>B4.2. Coñecer e apreciar a política de Aristóteles e as súas características esenciais, e entender o seu concepto de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade, elaborando un xuízo crítico sobre a perspectiva deste filósofo.</p> <p>B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións.</p>

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Criterios de cualificación:

Na Programación establécese que “o alumnado disporá de **dúas** convocatorias, unha **ordinaria** e outra **extraordinaria**. Para a convocatoria ordinaria, a materia distribuirase en dúas probas. No caso de superar estas, considerarase aprobada a materia. No caso de non superar algunha das probas ou as dúas, establecerase unha terceira proba que versará sobre os contidos non superados. No caso de superar esta terceira proba, considerarase aprobada a materia. No caso contrario, o alumnado deberá concorrer á proba extraordinaria de setembro, a cal versará sobre todos os contidos establecidos no punto anterior”.

O alumnado xa puido facer a 1ª proba correspondente á convocatoria ordinaria o día 7 de febreiro e as actividades e tarefas correspondentes aos bloques 1-3. A segunda e a terceira das probas non se poden levar a cabo por teren que realizarse no período de vixencia do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. En **substitución** da segunda proba, tal e como se establece no punto 6.2 das Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, realizaranse as actividades e tarefas previstas correspondentes aos bloques 4 e 5. Da mesma maneira, no caso de non ter superada a primeira proba e/ou as actividades e tarefas correspondentes aos bloques 1-3,4-5, o alumnado terá que realizar as tarefas e **actividades de recuperación** correspondentes, segundo o caso, aos bloques 1-3 e 4-5. A cualificación final obterase a partir das cualificacións parciais segundo se establece no seguinte cadro:

INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	% DA CUALIFICACIÓN FINAL
Proba 1 (7 de febreiro) + Actividades e tarefas correspondentes aos bloques 1-3. (Se é o caso, actividades e tarefas de recuperación correspondentes aos bloques 1-3 sempre e cando a súa cualificación sexa maior).	Ata o 100% (Proba 75% Tarefas 25%)
Actividades e tarefas correspondentes aos bloques 4-5 (Se é o caso, actividades e tarefas de recuperación correspondentes aos bloques 4-5 sempre e cando a súa cualificación sexa maior).	Ata o 50%

Todos os instrumentos de avaliación serán valorados cunha **cualificación de 1 a 10**. Considerarase aprobada a materia se a cualificación final é **igual ou maior que 5**. No caso contrario, o alumnado deberá concorrer á proba extraordinaria de setembro, a cal versará sobre os contidos dos bloques 1-5.

Procedementos e instrumentos de avaliación.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Terase en conta a cualificación obtida na 1ª proba. O alumno pode mellorar a súa cualificación coas actividades e tarefas e/ou as actividades e tarefas de recuperación.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE (Recuperación, reforzo, repaso e no seu caso ampliación)

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

ACTIVIDADES	<p>Actividades a realizar neste período do terceiro trimestre (período dende o 12 de marzo ata final de curso):</p> <p>Para o alumnado coa 1ª e 2ª avaliación superadas:</p> <ul style="list-style-type: none">-Traballo de Investigación (Individual-Reforzo). Este traballo afianza cada unha das competencias clave da materia.-Actividade de comprensión, con argumentación, dominio conceptual básico e pensamento autónomo e crítico (Individual-Reforzo-Ampliación). <p>Para o alumnado con algunha das avaliacións non superada:</p> <ul style="list-style-type: none">-Traballo de Investigación (Individual-Recuperación). Con seguimento do proceso, recordo, flexibilización e redacción simplificada de cada unha das partes do desenvolvemento. Traballo competencial básico. Flexibilización de datas e proceso.-Actividade básica (Individual-Recuperación) de comprensión lectora sobre Valores éticos e DDHH que permitan un dominio competencial básico.
METODOLOXÍA (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Alumnado con conectividade:</p> <ul style="list-style-type: none">- Manexo da información dos Apuntamentos precisos de acceso libre a Aula virtual, con indicacións de manexo ao alumnado.- Envío de cada unha das actividades polo correo corporativo do centro tanto dende o grupal como do particular do alumnado. alumnado@ie-seduardopondal.org.- Fixación de data de entrega para cada actividade con flexibilización atendendo ás distintas circunstancias do alumnado.-Solución personalizada de dúbidas e explicacións sobre as actividades.-Seguimento dos avances e nivel de adquisición das competencias. <p>Alumnado sen conectividade:</p> <ul style="list-style-type: none">- O Manexo da información dos Apuntamentos precisos de acceso libre que se esixen para as actividades programadas foron xa entregados e depositados na fotocopidora da conserxería do centro en papel e recollidos polo alumnado antes do período de confinamento.- Comunicación a través do centro (Xefatura de Estudos e información a titoría).

	<ul style="list-style-type: none"> - Flexibilización atendendo ás distintas circunstancias do alumnado. -Solución personalizada de dúbidas e explicacións sobre as actividades. -Seguimento dos avances e nivel de adquisición das competencias.
<p>Materials e recursos</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Correo electrónico 2. Aula virtual

4.INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

4.INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	
<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p>A información contida neste documento será trasladada ao alumnado por correo electrónico</p>
<p>Publicidade</p>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro no formato da aula virtual, na sección do Departamento de Filosofía e no enlace aberto:</p> <p>https://www.edu.xunta.gal/centros/ieseduardopondal/aulavirtual2/course/view.php?id=70</p>

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA, Maio 2020

